

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 3 de novembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas nas ordes de convocatoria para o ano 2009 reguladoras dos programas para a promoción do emprego autónomo e de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo.

As ordes da Consellería de Traballo e Benestar polas que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción do emprego autónomo e de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, establecen nas correspondentes disposicións en que se recollen os créditos que financian as ordes, que estes importes poderán ser obxecto de modificación como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Pola Orde TIN/380/2009, do 18 de febreiro, distribúense territorialmente para o exercicio económico de 2009, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas, subvencións do ámbito laboral financiadas con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro das ordes que se citan nesta disposición, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posible.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 10, do 15 de xaneiro), na seguinte contía e aplicación orzamentaria, que figura dotada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2009 01001 polo importe de 3.150.840,56 euros.

Artigo 2º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 12, do 19 de xaneiro), na seguinte contía e aplicación orzamentaria, que figura dotada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.481.0, código de proxecto 2009 01075 polo importe de 8.654,93 euros.

Artigo 3º

Estas modificacións non afectan o prazo establecido nas referidas ordes para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

Resolución do 13 de outubro de 2009 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 20 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social.

De conformidade co disposto no artigo 18.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, procédese á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 20 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social.

Finalidade da axuda: as axudas teñen por obxecto o establecemento de subvencións ás entidades de iniciativa social, para a realización de programas de incorporación sociolaboral que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social.

Norma reguladora: Orde do 20 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social (*Diario Oficial de Galicia* nº 18, do 27 de xaneiro).

Crédito orzamentario: 850.000 euros, na aplicación orzamentaria 02.48.312F.481.6.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

ANEXO

Solicitante	Programa	Concedido
APEM-Asociación pro enfermos mentales	Incorporación sociolaboral de persoas con enfermidade mental	29.000 €
Centro Desenvolvemento Rural Portas Abertas	Itinerario formativo e laboral 2009	9.000 €
Asociación de Mediación Social de Galicia	Reinserción laboral de presos e reclusos de institucións penitenciarias de Galicia	5.000 €
Asociación de axuda ao enfermo mental A Mariña	Obradoiro de deseño e mantemento de xardíns	3.000 €
Fundación Érguete Integración	Acompañamento inclusión social	25.000 €
Asociación Rexurdir de Actividades Sociais	Programa de preparación para o emprego	9.500 €
Asociación Promoción e Integración Gitana	Programa de acompañamento ao emprego 2009	29.000 €
Asociación Familiares e Enferm@s mentais (LENDA)	IN-FORMATE-II	11.000 €
Asociación Érguete Baixo Miño	Programa de incorporación sociolaboral	7.500 €
FESAN-Fundación de Estudos e Análises	Programa de inserción laboral: formación en atención sociosanitaria a persoas no domicilio	9.000 €
UGT GALICIA (Unión General de Trabaxadores de Galicia)	Curso axudante de conservas-Cangas; Camareira/o pisos Vigo e almaceneiro Ferrol	12.000 €
Asociación Viguesa de Alcohología (Asvidal)	Programa de capacitación para a incorporación socio-laboral e programa de habilidades sociais	10.000 €
Asociación Mulleres Progresistas de Vigo	Servizo de kanguros	8.000 €
Asociación Síndrome de Down Coruña	Servizo de inclusión social e laboral	15.000 €
Centro Desenvolvemento Rural O Viso	Proxecto integral intervención	31.000 €
Asociación Emprende Ourense	Curso de informática básica	8.050 €
Asociación Autismo Ourense	Integración sociolaboral mulleres con persoa autista a cargo	8.500 €
Fundación Lar Pro Salud Mental	Curso de cuidador de discapacitados físicos e psíquicos	11.000 €
Fundación Radio ECCA	ECCA VANZA2	9.500 €
Asociación de Ayuda al Enfermo mental DOA	Formación básica en enmarcado e carpintería	11.000 €

Solicitante	Programa	Concedido
Plan Comunitario de Teis	A PUNTO-TEIS	16.500 €
Emais Fundación Social	Programa Tesela	38.000 €
Aspanaes	Obradoiro Agrícola	3.000 €
Centro día da Muller O Mencer HH. Oblatas	Programa de incorporación socio-laboral mulleres en situación ou risco de exclusión Ferrolterra e Eume	24.500 €
Asociación Síndrome de Down de Compostela	Servizo de integración social e laboral Down Compostela	24.500 €
Asociación Xarela Formación-Animación	Inclúete no emprego	8.000 €
Feafes Galicia (Federación Asociacións Enfermos Mentais de Galicia)	Proxecto integral de inserción sociolaboral de persoas con discapacidade por enfermidade mental	12.000 €
Centro Cultural Social Juan XXIII	Mantemento de xardíns	6.500 €
	Poda de árbores frutais e de produción forestal	5.000 €
Fademga Feaps-Galicia	Plan integral de formación a persoas con discapacidade intelectual para a capacitación laboral con novas tecnoloxías.	10.500 €
Fed. AA.VV. Eduardo Chao	A formación, canle de emprego	8.000 €
Asociación Síndrome de Down Teima de Ferrol	Servizo de inclusión social e laboral	7.250 €
Asociación para el Desarrollo Sociocultural Formación y Empleo (Asfem)	Programa Adiante	10.000 €
Asociación Síndrome de Down de Lugo	Servizo de inclusión social e laboral	5.000 €
Asociación Galega pro Desarrollo de África Equus Zebra	Proxecto de inserción social e laboral	10.000 €
Fundación para el desarrollo, empleabilidad y formación FUNDEFO	Plan Capacita	8.000 €
Asociación Ecos do Sur	Programa inserción sociolaboral: punto I	7.000 €
Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo (ACOPROS)	Servizo de inserción laboral	11.500 €
Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense	Curso de capacitación profesional para persoal de limpeza	8.500 €
Asociación Cultural Os Tres Reinos	Programas integrados de base comunitaria en zonas rurais para favorecer a inclusión social	5.000 €
Cáritas Diocesana de Ourense	Curso de auxiliar de xeriatría e desenvolvemento persoa do maior	10.000 €
Confederación Intersindical Galega (C.I.G.)	Accións formativas: peón forestal e soldadura de estruturas metálicas lixeiras	12.000 €
Fundación Ronsel	Ronsel Finish Terra	10.000 €
Asociación Down Ourense	Servizo de inclusión social e laboral	12.000 €
Down Vigo: Asociación para el síndrome de down	Formación e inserción laboral	32.000 €
Asociación Amipa de Nais e Pais de Persoas con discapacidade intelectual	Práctica laboral e formación integral adaptada ás persoas con discapacidade intelectual na comarca de Sar	8.200 €
Asociación Tratamento do Autismo B.A.T.A	Accións formativas no sector da hostalaría e restauración para persoas con autismo e/ou discapacidade psíquica	14.000 €
Centro para el Desarrollo Rural Ancares	Programa de inclusión Ancares	30.000 €
Down Pontevedra XUNTOS . Asociación Síndrome de Down	Servizo de inclusión social e laboral	13.500 €
Federación ASPACE Galicia	Proxecto de orientación sociolaboral	9.000 €
Asociación para a prevención da exclusión social A.P.E.S	Curso de traballador forestal	8.000 €
Asociación de familiares y enfermos mentales MOREA	Taller pPrelaboral	11.000 €
Asociación Plataforma polo emprego	Programa INSIRE	30.000 €
Cáritas Diocesana de Mondoñedo-Ferrol	Dentro-fóra sen teito	16.500 €
Centro Social San Xoán Bautista Carballo	Curso de auxiliar de axuda a domicilio e maiores	7.000 €
Asociación del Pueblo Gitano	Curso de alfabetización vial	18.000 €

Solicitante	Programa	Concedido
Cruz Roja Española Galicia	Educación familiar e acompañamento socio-laboral poboación xitana Maceda	6.000 €
	Proxecto de Intervención Sociolaboral no poboado das Lamas	13.000 €
	Proxecto de obradoiros de inserción sociolaboral para mulleres inmigrantes na comarca de Valdeorras	6.000 €
ASPANAS	Formación laboral específica	19.500 €
Asociación Porta Nova (AFAES)	Curso de formación para o taller de lavandería do C. O. Porta Nova	8.000 €
Centro Sociocultural, artístico e Recreativo Valladares	Curso de axudante de cociña (proxecto formación para a inserción laboral)	10.500 €
CIMO, Entidad Prestadora de Servicios	Proxecto INTEGRA-T: curso habilidades para o traballo doméstico	12.000 €
Asociación Pro Salud Mental A Creba	Formación en xestión de residuos Barbanza	11.500 €
AICOS-Asociación Inmigrantes Comarca Sarria	Curso de hostalaría	11.000 €
Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela	Proxecto Rocha	14.500 €
	Por un Traballo Digno III	7.000 €

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 3 de novembro de 2009, da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, pola que se amplía a dotación orzamentaria da Orde do 11 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á realización de probas para determinar a calidade xenética, o rendemento do gando vacún leiteiro e a realización de técnicas ou prácticas innovadoras no ámbito de cría de animais da raza de gando vacún frisón, e se convocan para o ano 2009.

Orde do 11 de decembro de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* nº 244 do mércores, 17 de decembro), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á realización de probas para determinar a calidade xenética, o rendemento do gando vacún leiteiro e a realización de técnicas ou prácticas innovadoras no ámbito de cría de animais da raza de gando vacún frisón, e se convocan para o ano 2009.

No seu artigo 17 precísanse as aplicacións orzamentarias e o importe económico previsto para o financiamento das ditas axudas, e así mesmo que os importes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia cos que se financiarán estas axudas se poderán incrementar con fondos comunitarios, estatais ou autonómicos achegados para o efecto.

Co obxecto de poder amparar todas as solicitudes nas distintas liñas de axuda establecidas, e posto que a dotación inicial resulta insuficiente, aprobáronse os correspondentes expedientes de xeración e ampliación de crédito, polo que cómpre, mediante esta orde, ampliar a dotación orzamentaria consignada inicialmente para a concesión das mencionadas axudas.

En consecuencia, de acordo co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no

uso das facultades que me confiren os artigos 14 e 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Ampliase a dotación orzamentaria que se establece na Orde do 11 de decembro de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* nº 244 do mércores, 17 de decembro), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á realización de probas para determinar a calidade xenética, o rendemento do gando vacún leiteiro e á realización de técnicas ou prácticas innovadoras no ámbito de cría de animais da raza de gando vacún frisón, e se convocan para o ano 2009.

2. O incremento da dotación será de 542.365 euros para a realización de probas para a o rendemento no gando vacún con cargo á aplicación 49.02.713-C.770.5 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

3. En todo caso, a concesión das axudas reguladas na dita orde estará limitada ás disponibilidades orzamentarias.

Disposición adicional

Única.-A ampliación de crédito prevista no artigo único desta orde non afecta ao prazo de presentación de solicitudes establecido na devandita Orde do 11 de decembro de 2008.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

CONSELLERÍA DO MAR

Resolución do 19 de outubro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería do Mar, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no segundo cuadrimestre do ano 2009.

O artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (DOG nº 136, do 14 de xuño) impón a cada consellería da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.